



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xuño 2021**

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2021

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xuño do ano 2021 acadou a cifra de 1.021.721 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de maio de 2021 de 11.193 afiliacións (1,11%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.500.277, rexistrando unha subida do 1,21% con respecto ao pasado mes de maio.

Na comparativa interanual (xuño de 2021 con xuño de 2020) obsérvase un aumento de 35.079 afiliacións no total do sistema en Galicia (3,56%) e un aumento do 4,70% (875.941 afiliacións) no conxunto estatal. Nas comparacións con respecto ao ano pasado hai que ter en conta o forte impacto que a pandemia da COVID tivo no mercado laboral no mes de xuño de 2020.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de maio de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas, coa excepción de La Rioja, destacando Illes Balears (14,69%) e Castilla La Mancha (2,17%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Murcia, Comunitat Valenciana, Andalucía, Illes Balears, Cantabria e Castilla La Mancha (todas con taxas superiores ao 5,00%).

**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>19.500.277</b>	<b>233.056</b>	<b>1,21</b>	<b>875.941</b>	<b>4,70</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.021.721</b>	<b>11.193</b>	<b>1,11</b>	<b>35.079</b>	<b>3,56</b>
Andalucía	3.168.601	7.516	0,24	175.224	5,85
Aragón	587.821	10.793	1,87	17.448	3,06
Asturias	366.526	3.864	1,07	13.301	3,77
Illes Balears	523.089	67.014	14,69	27.883	5,63
Canarias	780.379	3.587	0,46	17.378	2,28
Cantabria	221.168	3.728	1,71	11.305	5,39
Castilla La Mancha	735.587	15.606	2,17	36.120	5,16
Castilla y León	924.603	13.613	1,49	31.357	3,51
Cataluña	3.485.405	49.977	1,45	155.146	4,66
Comunitat Valenciana	1.942.614	19.516	1,01	109.785	5,99
Extremadura	403.276	5.845	1,47	14.711	3,79
Madrid	3.280.220	15.891	0,49	151.560	4,84
Murcia	622.324	497	0,08	37.050	6,33
Navarra	292.783	864	0,30	12.399	4,42
País Vasco	966.373	3.159	0,33	23.479	2,49
La Rioja	130.920	-138	-0,11	4.577	3,62
Ceuta e Melilla	46.870	531	1,15	2.140	4,78

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones dende o informe de maio de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 3,89%, o que supón 13.471 afiliacións máis, seguida de A Coruña (3,86%), Ourense (2,47%) e, por último, Lugo (2,43%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xuño con respecto ás do mes de maio de 2021, rexistrouse en Galicia unha subida do 1,11%. Todas as provincias amosan datos positivos, sendo Pontevedra a que máis crece (1,58%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XUÑO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	437.196	3.244	0,75	16.246	3,86
LUGO	122.109	1.504	1,25	2.894	2,43
OURENSE	102.476	860	0,85	2.467	2,47
PONTEVEDRA	359.939	5.585	1,58	13.471	3,89
<b>GALICIA</b>	<b>1.021.721</b>	<b>11.193</b>	<b>1,11</b>	<b>35.079</b>	<b>3,56</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>19.500.277</b>	<b>233.056</b>	<b>1,21</b>	<b>875.941</b>	<b>4,70</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,6% das afiliacións galegas en xuño de 2021, aumentaron un 1,33% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 4,40%. En España estas taxas foron do 1,37% con respecto a maio de 2021 e do 5,22% en relación ao mes de xuño de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,7%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (2,03%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-0,98%), a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,90%. Para este réxime e con respecto ao mes de maio de 2021, soben todas as provincias resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,27%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (2,33%) e intermensual (0,39%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xuño de 2020, destaca a caída que se produce en A Coruña (-2,60%), mentres que Lugo (0,67%) ascende. A taxa galega acaba entón o -1,12%, sendo inferior á de España (1,65%). Con respecto a maio de 2021, ascenden todas as provincias, agás A Coruña. A taxa galega amosa así un aumento do 0,95% con respecto a maio de 2021. A taxa nacional é do 3,46%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XUÑO 2021	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	437.196	0,75	3,86
LUGO	122.109	1,25	2,43
OURENSE	102.476	0,85	2,47
PONTEVEDRA	359.939	1,58	3,89
GALICIA	1.021.721	1,11	3,56
ESPAÑA	19.500.277	1,21	4,70
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	346.694	0,90	4,69
LUGO	87.561	1,71	3,81
OURENSE	79.177	1,06	3,24
PONTEVEDRA	279.135	1,84	4,57
GALICIA	792.566	1,33	4,40
ESPAÑA	16.114.102	1,37	5,22
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	85.030	0,21	1,03
LUGO	33.042	0,04	-0,98
OURENSE	23.299	0,11	-0,07
PONTEVEDRA	67.883	0,52	2,03
GALICIA	209.254	0,27	0,90
ESPAÑA	3.320.983	0,39	2,33
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.473	-0,39	-2,60
LUGO	1.506	1,00	0,67
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.921	1,52	-0,69
GALICIA	19.901	0,95	-1,12
ESPAÑA	64.119	3,46	1,65

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 30 de xuño de 2021 en Galicia, había 18.779 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (non de forza maior, de forza maior ou do RDL 30/2020 e posteriores), 4.084 menos con respecto aos notificados no mes anterior (-17,86%). No total de España, o número de afectados por un ERTE a 30 de xuño é de 447.820, producíndose unha diminución de 94.322 respecto ao peche de maio deste ano (-17,40%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
CCAA	NOTIFICADOS A 30 DE XUÑO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>447.820</b>	<b>-94.322</b>	<b>-17,40</b>
<b>Galicia</b>	<b>18.779</b>	<b>-4.084</b>	<b>-17,86</b>
Andalucía	57.391	-13.274	-18,78
Aragón	8.608	-2.152	-20,00
Asturias	7.380	-2.119	-22,31
Illes Balears	21.290	-3.669	-14,70
Canarias	70.951	-5.810	-7,57
Cantabria	4.075	-1.522	-27,19
Castilla La Mancha	8.519	-1.928	-18,46
Castilla y León	17.303	-4.776	-21,63
Cataluña	89.448	-22.641	-20,20
Comunitat Valenciana	34.831	-10.862	-23,77
Extremadura	3.958	-847	-17,63
Madrid	74.725	-12.113	-13,95
Murcia	5.470	-1.357	-19,88
Navarra	3.681	-2.067	-35,96
País Vasco	18.305	-4.214	-18,71
La Rioja	1.994	-781	-28,14
Ceuta e Melilla	1.112	-106	-8,70

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada neste último mes ten lugar en Lugo (-20,78%) con 493 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS			
PROVINCIAS	NOTIFICADOS A 30 DE XUÑO 2021	VARIACIÓNS	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	8.188	-2.009	-19,70
LUGO	1.879	-493	-20,78
OURENSE	2.055	-498	-19,51
PONTEVEDRA	6.657	-1.084	-14,00
<b>GALICIA</b>	<b>18.779</b>	<b>-4.084</b>	<b>-17,86</b>

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>